

# O NADAL



## XLII

**certame  
de  
xornalismo**

**certame  
de  
poesía**



Declarado de interese turístico galego pola Xunta de Galicia (D.O.G. 4-11-2014)



# **XLII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL**

---

## **//ABANCA**

LOGOTIPO:

XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:

XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:

XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»

DEP. LEGAL LU 158-2018

# **XLII CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL**

---



galicia



Concello de Begonte



# ARREDOR DO NADAL


*En Begonte xa é Nadal, porque o noso calendario non se rexe polos mesmos parámetros do resto da sociedade, senón que a evolución temporal está condicionada polos sentimentos e a tradición, e resulta que o tempo do Nadal dura dous meses. Non é de extrañar que xa hai moito tempo os estudantes do Seminario Conciliar de Mondoñedo chamasen a este concello «Begonte do Belén».*

*O Belén é o noso norte, punto de referencia, razón de ser. E cada ano que pasa afianzámonos máis nas crenzas que provocaron o seu nacemento, na tradición que fomos reforzando, no espírito que este pobo vive cando volvemos ser o centro de atención das xentes que chegan aquí na procura do Misterio de fe que cada ano se renova, renace, pola forza da vida que se abre diante de nós.*

*Desde Begonte da Terra Chá –Begonte do Belén– invitamos a todos a participar connosco nesta tempada vital na que mozos e maiores nos volvemos nenos e, nenos todos, podemos celebrar a chegada do Neno que agardabamos para renovarnos e medrar.*

*Os nosos Certames culturais agardan por xornalistas, poetas e pintores, e polos debuxos dos nenos, que nos axudarán a difundir a mensaxe do Nadal que en definitiva é irmandade, agarimo, igualdade, paz.*

*Paz a todos desexamos, agora e sempre, para todas as persoas de boa fe. Feliz Nadal!*

A handwritten signature in black ink, reading "Jesús Domínguez Guizán". The signature is written in a cursive style and is enclosed within a large, loopy circular flourish that extends below the baseline of the text.

*Jesús Domínguez Guizán,  
Presidente do Centro cultural  
José Domínguez Guizán*



POESÍA

## XLII CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

---

O Centro cultural José Domínguez Guizán de Begonte –entidade que promove o Belén Electrónico–, co gallo do Nadal 2017 ven de convocar o XLII Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal, que se vai rexir polas seguintes bases:

1. Poden participar todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.
2. O tema dos traballos ha ser o de O NADAL, desde calquera punto de vista.
3. Valoraranse os textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
4. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
5. Concederanse os seguintes premios:  
PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.  
SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.
- 6 A remisión de orixinais farase por triplicado ao Centro cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de dous mil dezaoto.
7. Todos os traballos han ser presentados baixo plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.

BEGONTE (Lugo), Nadal de 2017.

# BASES



## FALLO DO XURADO DO XLII CERTAME DE POESÍA «BEGONTE E O NADAL»

---



# FALLO DO XURADO

*En Begonte, reúnese o Xurado calificador dos traballos presentados ao XLII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL, convocado polo Centro cultural «José Domínguez Guizán» e patrocinado por ABANCA, formado por: JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN, presidente do Centro cultural convocante; XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO, poeta; e XULIO XIZ RAMIL, xornalista, que actúa como secretario. Por unanimidade, acordan emitir o seguinte fallo:*

- 1.- Conceder o PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos, ao poema XESUS E O MALABARISTA, presentado por XOSÉ OTERO CANTO de Lugo.*
- 2.- SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos a CANTIGA DE VIAXEIROS, presentado co lema GEISHA, por LAURA LÓPEZ ESTEBAN, de Lugo.*
- 3.- Pola calidade dos traballos presentados, concédense cadansúa MENCIÓN DE HONRA, dotada con estatuíña de Sargadelos, aos poemas:*
  - NADAL DE AGORA E SEMPRE, de BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (Mero), de Xanceda - A Coruña.*

- *PANXOLIÑAS Ó BELÉN DE BEGONTE*,  
presentado co lema «Nadal 2017» por  
*MARÍA FELICIDAD ROCA COIRA*, de  
*Trobo-Begonte*, e
- *VIVA LA NAVIDAD*, presentado co lema  
«Paz y amor» por *LÁZARO DOMÍNGUEZ*  
*GALLEGO*, de *Ferrol*.

*O SECRETARIO DO XURADO*



*Xulio Xiz Ramil*



## XOSÉ OTERO CANTO

Natural de Ponte Outeiro (Castro de Rei - Terra Chá), é licenciado en Filloxía, e ven de xubilarse como catedrático de Lingua Castelá e Literatura no I.E.S. Lucus Augusti de Lugo, no que estudou de pequeno.

Ten publicado os libros de poesía *Salaos da Chaira*, *Arelas de prata e soños*, *Miño, río pai e amigo*, *Guía poética da Muralla de Lugo*, *Outoño*, *mancebo céfiro de ás ergueitas*, *Poemas da cidade*, *Poética da viaxe*, *Nenias chairegas*, *Valuria*, *As catedrais*, *portas do misterio*, *Telúrica*, *Muralla*, *lúa chea imperial* e *Sinódica luz*.

O seu labor poético tenlle deparado máis de vinte premios nos certames literarios do Concello de Vilalba, A Pipa (Becerreá), Terras de Chamoso, Centro Rosalía de Castro de Bos Aires, Concello de Paradela, Nacional de Poesía do Centro cultural «José Domínguez Guizán» de Begonte, Anduriña Voandeira (País Vasco) e Rosalía de Castro de Cornellá (Barcelona).

# XESÚS E O MALABARISTA

Unha vez Nosa Señora  
co neno Xesús tamén,  
nos seus brazos e a deshora  
quixo baixar ao Belén,  
desde o ceo onde mora  
ata a terra onde ven.

Domínguez fixera o prego  
e de segundo, Guizán,  
que de Begonte era crego,  
o mesmo có seu irmán.  
Pedíndolle este vilego  
á Virxe con moito afán,  
facer un Belén chairego  
con movemento artesán.

A Virxe que está no ceo  
disponse a viaxar  
nunha estrela, sen receo,  
para a Begonte arribar,  
e nun raxo e nun clareo  
chegan sen se molestar,  
quedando a estrela arreo  
sinalando o lugar  
no portal de luz ben cheo  
brillando sen descansar  
de noite e no clareo,  
tamén no crepuscular.

Sabéndoo as freiras e frades  
que se achán ao redor  
das nosas localidades:  
Sobrado, Samos, Pantón,  
con moita cordialidade,  
con devoción e amor,  
cheíños de humildade  
veñen honrar ao Señor,  
que en flor de Santidade  
é o noso Creador.  
En Begonte é novidade  
un Belén tan sedutor.

Facendo unha gran ringleira  
frades e freiras están,  
tendo só por angueira  
ao Neno homenaxear.

Os mellores dos conventos  
nesta fileira esperan,  
os que teñen máis talento,  
os que a todos nos superan,  
xa sexa no pensamento  
ou nas artes que revelan,  
con moito refinamento  
barallan, fabulan, tutelan.

O primeiro é un poeta.  
Versos fermosos declama,  
redondillas e cuartetas,  
e festivos epigramas,  
componlle á mesma chupeta

que Xesús move a esgalla,  
e tamén aos profetas  
que desde sempre proclaman  
a chegada desta prenda,  
nosa ofrenda e encomenda,  
noso Deus, nosa morada.

O segundo é un pintor  
que dos pinceis fai gala  
e do trazo sedutor  
con que a todos engalana,  
pois pinta ao Creador  
mentres sorrí e argalla,  
parece un soñador,  
noso rei, nosa mirada.

Freiras e frades proclaman  
a chegada desta prenda,  
nosa ofrenda e encomenda,  
noso Deus, nosa morada.

O terceiro é violinista  
e a súa caixa resoa  
e polo mastro ecoa  
a luz do Deus triunfalista  
que se converte en loa  
e que ás almas acaroa,  
delicado e intimista,  
amantiño e vitalista,  
son que a todos galardoa  
e tan fino que pregoa  
a Deus en mans dun artista.

Freiras e frades proclaman  
a chegada desta prenda,  
nosa ofrenda e encomenda,  
noso Deus, nosa morada.

E xa máis tarde unha freira  
dixo en alto e en viva voz,  
recitando en ringleira  
a todos os santos, veloz,  
alzándose en portavoz,  
haxiográfica pioneira  
e dos santos cabeceira  
de xeito aberto e precoz.

Freiras e frades proclaman  
a chegada desta prenda,  
nosa ofrenda e encomenda,  
noso Deus, nosa morada.

Na fila tamén había  
un pequeno singular  
que en ASPNAIS tiña a súa vida  
e tamén tiña o seu lar,  
e aínda unha regalía  
ao Neno quería dar,  
motivo do centenario  
que estaban a celebrar,  
e para ser solidario  
viña a Deus adorar.  
O rapaz non aprendía,  
lía e escribía mal,  
tampouco tiña valía

con que poderse afirmar,  
todos o desaprobaban  
e críano incapaz,  
mais sacou unhas laranxas  
dos petos de diante e atrás  
e lanzounas polo aire,  
mandarinas a fartar,  
con tal presteza e donaire  
que a todos fai calar,  
ao ver como manexaba  
cal dun circo se tratara  
un malabarismo tal. . .  
que Xesús moito sorría  
e tamén palmas batía  
decotío e sen parar.

Díxolle a Virxe María  
a Xesús polo Nadal,  
que a mozo de tal valía  
un bico tiña que dar,  
e Xesús sen máis porfía  
céiballe un bico ao pasar  
e as laranxas que sacara  
en «chuches» fai transmutar  
para os nenos que chegaran  
ver ao Belén abanar,  
cal do viño se tratara  
nas vodas de Canaán.





## LAURA LÓPEZ ESTEBAN

Naceu en Lugo en 1999. Fixo estudos de Primaria, Eso e Bac na capital lucense, así como o Grado Profesional de Violín no Conservatorio de Música de Lugo, tendo formado parte da Orquestra de Nenos da Sinfónica de Galicia.

Conseguíu un dos premios aos mellores expedientes preuniversitarios da Fundación da Enxeñería Civil de Galicia. Na actualidade estuda medicina na USC.

Ten acadado premios literarios de poesía de Nadal (infantil), na Biblioteca Nodal de Lugo; de relato xuvenil en dúas ocasións na Fundación «O Noso Lar» de San Román de Lousada (Samos); e os premios de poesía xuvenil «Francisco Añón» no Concello de Outes (A Coruña) e «Terras de Chamoso» en O Corgo (Lugo).

# CANTIGA DE VIAXEIROS

(Lema: Geisha)

*-Assim como lavamos o corpo  
devíamos lavar o destino,  
mudar de vida como mudamos de roupa.  
PESSOA*

«Pai, eu non vexo xa a ninguén».

Xunto aos raios do empardecer,  
o día esvaeceu coma pinga de gloria  
espindo o seu recuncho do frío.  
Escorregou en silencio as súas febles mans  
para debuxar un camiño nu e estrelado  
que conducía cara un niño de pomba.

«Pai, vexo unhas luces aló ao lonxe, que poderán ser?»  
«Rapaz, estás seguro do que ves?»

Carambelos loitaban por vestir aquela paraxe.  
Ficaban na espera dalgún sorriso de media noite,  
quizais na busca dunha man amiga e quente  
doadora de calor para os corpos atecidos.

Ao final do sendeiro, una fileira de bicos de luz  
coroaban a estampa que estaba a nacer.

Os axóuxeres soaron.  
«Pai! Agarda! Que está a pasar?»  
«Neno, ben sabes que eu son cego,  
cólleme a man e lévame ata aló».

Por entre as lagoas e os piñeiros  
as pegadas de dous pares de pés  
-uns de chumbo, outros de plata-  
borboriñaban a súa humilde chegada.  
Coma o doce arrecendo dun pastel  
as notas melodiosas e afíns dun violín  
agasallaban cunha serenata nocturna.

«Hoxe, rapaz, moi ben tocas o violín»  
«Non pai, eu non son».

Unha petisa loira e celestial  
alimentaba o lugar de fermosa música  
mentres agardaba queda nun recanto  
polas ás da boa pomba mesaxeira.  
Coa mirada distante e perdida na néboa  
achegou a súa man ao home de capa branca.  
Clareou a voz e comezou a recitar:

«Non coñezo o meu destino  
non coñezo o meu porvir,  
coñezo o tacto das miñas pegadas  
e mais as cordas deste violín.  
O noso ollar é cego,  
a nosa alma leal...  
e na fe está o noso ben».

Os pasos acordes do pai e do fillo  
seguían o ritmo do río Ladra  
e convertían aqueles camiños de terra  
na illa dos tesouros soterrados.  
Sentían afouteza e ousadía  
por vagar ao azar nunha noite soidosa  
mais o fervor das dúas ánimas teimudas  
desexaba con paixón a fin daquel vieiro.

O quiquiriquí dun galo de trasnoitada  
cambiou o rumbo dirección leste  
e desnortou a bitácora dos pasaxeiros.

«Ay, neno. . . perdémonos, verdade?»  
«Non! Non! Están alí! Podo velos preto!»

Deslizaron as súas sombras pola escuridade  
ata entrar nunha casa con luz no interior.  
Por fin chegaran. . .  
e alí estaban.

Permanecían coma pezas dun crebacabezas  
na espera daqueles que os buscaran na noite,  
e semellando un coro de voces declamaron:

«A bondade está no amor da vida cotiá,  
a bondade está nos ollos do fillo  
de quen non pode ver por si só».

A face do pai deleitábase cos seus versos  
cando un raio de luz áurica envolveu o cuarto.  
Entón sucedeu, sucedeu a miragre. . .  
Xa non había soidade no seu mirar  
xa non sentía o son dunha cantiga enfeitizada.  
O home, da man do neno, mirou ao seu arredor  
e puido ver as siluetas que denantes os chamaran  
transformadas en fermosas figuras de cor.  
Puido ver ao seu fillo, puido ver a ilusión da vida.

Aquela estampa de maxia e agarimo  
encheu as almas de todo transeúnte  
que escoitara o chamamento das estrelas.



## BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (*Mero*)

Baldomero Iglesias Dobarrio (*Mero*), naceu en Vilalba en 1951. É mestre. Fundador de *Fuxan os Ventos* e *A Quenlla*, ten adicada a súa vida á música e a poesía, tendo gravadas arredor de medio cento de cancións das que é autor da letra, e de moitas delas da música. Ten recollido milleiros de cancións populares por todo Galicia.

Premio Pedrón de Ouro 2009 e Premio Ramón Piñeiro 2011, ten publicados varios libros de poesía, sendo o máis recente *No perfil das verbas*.

# NADAL DE AGORA E SEMPRE

*Noiteboa, Noitevella, panxoliñas e panxolas,  
nacementos, luces, soños,  
sol invicto que festexa con músicas e trobas.  
Sol invicto que festexa  
por sempre e mais agora ese goce, este agasallo  
que nos sorprende na alma e no corazón namora.  
Solsticios que abren os días, un Neno coa Boa Nova  
noites inmensas sen sol,  
de frío en brillo de estrelas e a Luz que venceu ás sombras.  
Foi nun portal de Belén que Begonte rememora  
o amor a orixe que temos,  
amor ás cousas pequenas o amor á terra, que é nosa.  
Foi no feliz encontro  
para impedir que a esperanza nunca abandonarnos poida.  
Un Nadal de agora e sempre,  
que nos estremece aínda, máis por dentro que por fóra.*

Sen saber como, ...chega.

E faino como aquel que pousa a sarabia das brétemas  
namorada e lenta, nun prado novidoso e tecido en verdes novos, de herba fresca.

Chega por sorpresa, en silencio

para resultar adolescente e innovador, distinto e recente entre os fumes do fogar  
e nas mañás húmidas da choiva, no bafo de imaxes  
xa moitas veces lembradas.

Vén en anovadas formas, en figuras de barro que abraian  
dentro dos nosos ollos, e traen de atrás toda a nosa infancia.

Un Nadal de agora e sempre,  
reencontrado, en luces de festa e voces  
cando chegado o tempo, chaman de novo por nós  
a sorprendernos en soños cos recendos do lume e fume, no escuro das longas noites,  
nos figos pasos e as noces, en cantigas suaves e ledas,  
desas que os tantos medos arredan para amolecer os fríos por detrás de enormes tebras.

Un Nadal de agora e sempre  
que neste amparo enfeitiza tenruras, suaves e quentes do amor  
desas que veñen sumadas á confianza que pon en nós ese cómplice sentir, cheo de azos  
que se actualiza en dozuras, en tremores e salaios  
que son as formas de amor para fortalecernos a ansia de seguir loitando os días,  
erguendo dos prantos e das mágoas  
e que, por riba, aluman as duras bágoas que nos oprimen o corazón.

Nadal de agora e sempre, ese que volve por nós  
para acender a Luz que prende a chama e ergue das cinzas mestas  
para facernos recuperar a ilusión, feita promesa  
que en lume esclarece e, cal milagre, fai que poidamos soñar  
desde o máis fondo para facer posible o sorriso, para facer que esvaezan  
penas como escumas que de vagar, ensomen na area aquelas ondas do mar,  
chegadas ao devalo, cando pousan a xerfa no sosego dos pensamentos e as memorias,  
nun solpor que as paraliza e que as sorprende perdidas xa, nas entrañas do areal.  
Nadal das evocacións, outrora tristes, que habitan en nós  
e desde a historia nos traen ausencias e pesares, pesadelos e medos, remorsos  
desde aquela dor de atrás.

Nadal de agora e sempre  
que agasallas memorias felices, tristuras e soidades da nostalgia,  
cando aveñen desde o silencio que acompañan as nosas almas  
sempre perdidas,  
e buscan por entre as sombras incansables, as máis sentidas lembranzas,  
alá dos intres gardados, no alén das propias entrañas.

Nadal de agora e sempre  
farás sorrir de novo á aquel Neno de Luz cheo  
o que naceu de humilde berce e que alumea desde a noite, nunha estrela  
no alto das distancias, que está moito atrás dos ollos e da retina,  
moito atrás aló da longa ollada, moito máis aló do ceo  
pero que aínda nos pon na ollada ese alento da esperada Luz tan leda!  
Nadal de agora e sempre que aposta por construír,  
por facer e alzar, por fabricar anxeios  
sobre todo cando estamos tristes, ou sentíndonos insatisfeitos, no desagrado,  
no cansazo, na melancolía dos días que se fan duros  
cando non vemos o Sol e todo se nos volven grises  
e nos encobren e ocultan desexos na mesma deixadez que nos paraliza,  
que nos acovarda e que nos encolle, que nos cega e nos reprime.  
Nadal de agora e sempre  
ese de corrixir dos erros, reflexivo  
que nos obriga a mirarnos diante das oportunidades  
para verbalizar os sentimentos  
que brotan sempre e nos fan comprender que podemos integrarnos  
nun mundo que hai que saber levar, para superar  
para ver de lonxe en perspectiva as cousas que nos suceden, e erguer.  
Nadal de agora e sempre  
confiado no esforzo, no reencontro da consciencia que nos volva a nós  
converténdonos en protagonistas da nosa propia narración,  
aquela que nos pertence e que nos fai sentir seguros,  
atopados entre aquelas emocións desfiguradas,  
volvendo á nosa esencia agochada no espírito, nesa enerxía  
que envolve as vidas e tece unha ilusión inusitada  
que nos dará forzas para seguir  
e erixirnos por riba das cinzas da borrarreira nas que ardemos.  
Nadal de agora e sempre  
ese que vén para recuperar o optimismo, para arredar da dúbida  
e anunciar aquel horizonte limpo que segue a mostrarnos o camiño,



aquel vello camiño de sempre e de agora  
que habita ecos doutro tempo e que abre o mañá cheo de aconteceres certos  
que nos agardan e acollen, na ledicia dun Meniño,  
aquel que é fillo da Luz, da cor e da calor, da natureza sorprendente  
que aínda alá, onde non vemos, garda os fundamentos do ser e de ter,  
en momentos máxicos e marabillados nos que hoxe habitamos  
e habitaremos sempre.





## MARÍA FELICIDAD ROCA COIRA

María Felicidad, begontina xubilada, foi premiada no Certame que convoca o Centro cultural José Domínguez Guizán polo primeiro dos seus poemas que acada dimensión pública.

Reside na Casa Martiño de Martín de Abaixo, da parroquia de Trobo, e se para ela foi unha sorpresa conseguir o premio, sorpresa foi tamén para o xurado que unha peza desta calidade xurdira tan de preto da casa do Belén.

# PANXOLIÑAS Ó BELÉN DE BEGONTE

## NENIÑO DE BEGONTE

Sentada nun banco  
na beira do Ladra  
vin vir unha burra  
que viña apurada.

O seu dono andando  
que che tiña barba  
traía na man  
unha gran caiada.

Sentada na burra  
e moi ben tapada  
viña unha señora  
pedindo pousada.

Chegando a Begonte  
petou a un poxigo  
e dille o veciño:  
«Pra vostede hai abrigo».

Pregunta o veciño  
como se chamaba.  
El dille «Xosé»  
e «María» a súa amada.

E xa se quedaron  
naquela pousada.  
Xosé non durmía,  
María, calada.

E aló pola noite,  
xa de madrugada  
nacía un neniño  
que moito choraba.

E xa van mulleres  
a levarlle a cesta  
naceu un neniño  
hai que facer festa

Levarlle comida,  
levarlle roupiña  
encenderlle o lume  
quentarlle a casiña

## BELÉN DE BEGONTE

Aló vén polo Pelouro  
unha burriña cansada  
o seu dono viña andando  
a súa dona vén sentada.

Traíache no regazo  
un neniño que choraba  
porque tiña moito frío,  
porque hai moita xeada.

Chegan á Ponte Miraz  
pararon a descansar  
e a burriña bebía no río  
eles tiritando  
e o Neno ten frío.

Pasan a ponte do río  
e un pobo acaban de atopar  
ese pobo é o begantino  
eles e o neniño  
xa poden quedar.

Chegan ó centro da vila,  
din a súa identidade,  
xa lles deron comida  
pra eles leite pró neniño  
casa pra quedare.

O neniño tiña frío  
case non tiña roupiña  
xa lle traen unha manta grande  
e un gorro bonito  
para a cabeciña.

El chamábase Xosé  
ela chámase María  
e o neniño que traen con eles  
por Xesusiño entendía.

Fíxolle a entrega da casa  
Don Xosé, señor abade  
toma Xosé e María  
o voso Neno abrigade.

E xa quedaron pra sempre  
non decidiron marchar  
porque cada ano veñen  
moita xente a os visitar.

Estáte conteto, meu Rei  
que aquí moi ben vas estar  
que os neníños do pobo  
e da Chaira viranche a cantar,  
virante adorar.

Os neníños do concello  
aló van para o portal  
cunha cesta de agasallos  
o Neno van visitar.

Unhos levan a galiña  
pra facer unha sustancia  
hai que coidar ben o neno  
e que medre ben na infancia.

Tamén lle traen os ovos  
pra facer unha tortilla  
que lla dará San Xosé  
sentándoo na súa rodilla.

Unha mociña lle trae  
un cantariño de leite  
quéntallo a Virxe María  
darállo cando se deite.

Que teñas felices soños  
meu anxiño, meu amor,  
que durmas a noite enteira  
ata a raíña do sol.

## PAXARIÑOS

Paxariños van voando  
xa veñen para o Belén  
veñen aquí pra Begonte  
a cantarlle ó noso ben.

Pousadiños na fiestra  
cantando o seu pío, pío  
van chamando ós compañeiros  
que venan ver ó neniño.

Que veñan ver ó neniño,  
que lle veñan a cantar,  
está deitado nas pallas  
metidiño no seu lar.

Metidiño no seu lar,  
todo cheíño de frío,  
e pra podelo quentar  
teñen o lume encendido

Teñen o lume encendido  
hai que facer o xantar  
meteranlle unha esteliña  
pra n'ó deixar apagar.



Aló veñen as cigoñas,  
veñenche de Riocaldo,  
e no piquiño lle traen  
unha pola de carballo.

Unha pola de carballo  
para quentar o neniño,  
se lle fai falta máis leña,  
traémoslle o carballiño.

Aló nos Pozos do Olló  
viron saír unha estrela,  
é que veñen os Reis Magos  
nunha lanchiña de vela.

Paxariños van voando  
xa veñen para o Belén  
veñen aquí pra Begonte  
a cantarlle ó noso ben.





## LÁZARO DOMÍNGUEZ GALLEGO

Crego e escritor, é profesor do Instituto Concepción Arenal de Ferrol, coadxutor do Pilar e capelán das Relixiosas Mercedarias desta cidade.

Ten escrito un libro de divulgación relixiosa e varios poemarios. Escribe artigos de opinión en *El Ideal Gallego* e *Diario de Ferrol*.

Entre os seus premios de narrativa destacan o «Pérez Galdós», o nacional de contos «Ateneo de Sevilla», e o de contos de Carreño - Asturias. En poesía, o «Alonso Carmín» de Xixón, o «Ausias March» de Gandía, o «Carabela de Plata» de Barcelona, «Nacional Jerez», «Amantes de Teruel», «Gerardo Diego», ou o «Francisco de Quevedo» de Villanueva de los Infantes. En Begonte ten recibido diversos premios polos seus poemas.

# VIVA LA NAVIDAD

## «Paz y amor»

### I

Qué alegría decir con voz de lira  
¡Viva la Navidad!, tiempo divino,  
tiempo de amor y paz, de hacer camino  
hacia el pesebre donde Dios nos mira.

¡Viva la Navidad!, que nos inspira  
a hacer del corazón balada y trino,  
y a cantar con primor, sin desafino,  
al Niño que entre mula y buey respira.

¡Viva la Navidad!, que es tiempo santo,  
tiempo para el idilio y para el canto  
del tierno villancico fervoroso.

Y tiempo que en Begonte, tierra hermosa,  
tierra de gente noble y bondadosa,  
se celebra con gozo religioso.

### II

Diciembre frío, húmedo y lluvioso  
va diciendo con voz estremecida  
de sacrosanta paz, que ya la Vida  
ha llegado a este mundo doloroso.

Con paso acelerado, presuroso,  
va dejando con júbilo prendida  
la noticia en el aire, difundida  
por el viento que pasa venturoso.

Y el planeta se viste de colores,  
y, en medio de guirnaldas y de flores,  
vuelve a oírse la endecha del pandero.

Y es que ya es Navidad. Dios nos visita.  
Y con su Nacimiento nos invita  
al gozo más sublime y verdadero.

### III

Qué lindo está el Dios Niño sobre el heno,  
mientras la nieve nieva sobre nieve,  
y mientras se adormece, sueño breve,  
el cansado José, el esposo bueno.

El frío de la noche va sin freno,  
corre veloz, se agita, se remueve,  
se para, se detiene, se conmueve  
ante el portal de regocijo lleno.

Estallan de repente los violines  
en el silencio del belén umbrío,  
sincronizados por los serafines.

Y el Niño Dios sonrío tiernamente,  
mientras el frío sigue con su frío  
y la nieve nevando mansamente.

## IV

Ved al Niño, radiante de hermosura,  
sobre el heno dorado, reluciente,  
y ved cómo le alientan tiernamente  
la mulilla y el buey con donosura.

En esta dulce y frágil criatura  
la grandeza de Dios está presente,  
late viva, plétórica, esplendente,  
orlada con pañales de ternura.

Adoremos, gozosos, con cariño,  
al Dios que por nosotros se hace Niño,  
al Dios que se ha hecho pobre y tan cercano.

Y démosle el regalo más valioso:  
el corazón, con gesto generoso,  
ofrecido en la palma de la mano.

## V

Navidad, tiempo hermoso, de alegría,  
de saber que Dios viene a visitarnos,  
de saber que tenemos que afanarnos  
por ser más solidarios cada día.

Tiempo santo de paz, de poesía,  
de villancico puro, de Hermanarnos  
en cánticos de amor, de más amarnos,  
de vivir en eufórica armonía.

Tiempo de ir a postrarnos ante el Niño  
para darle, gozosos, el cariño  
de nuestro corazón enamorado.

Y poner en su cara nacarada  
el beso de la fe más acendrada,  
y el beso del amor más inflamado.

## VI

Un año más, Begonte, ilusionado,  
el corazón de amor enternecido,  
ante el Niño Jesús que hoy ha nacido  
se postra reverente y bienhadado.

Begonte adora a Dios, vibra hechizado  
por el sol celestial que ha amanecido  
en esta noche santa, sol mecido  
al arrullo de un trino alborozado.

En Navidad Begonte reza y canta,  
como un mirlo de cándida garganta,  
colmado de grandísima alegría.

Y un año más, Begonte, junto al Niño,  
azucena divina, piel de armiño,  
enarbola su fe con valentía.

## VII

El belén de Begonte, qué hermosura,  
qué deleite y regalo a la mirada,  
cómo el alma disfruta alborozada  
y cómo el corazón se hace ternura.

Cómo enciende la fe y la hace más  
pura,  
más fervorosa, más acrisolada,  
esa fe sin la cual es simple nada  
la Navidad y el tiempo que ella dura.

El belén de Begonte, arte esplendente  
para gozo del ojo y de la mente,  
para alzar el amor hasta el Dios Niño.

Y medio singular, maravilloso,  
para hacer más alegre y religioso  
el tiempo de adorarle con cariño.

## VIII

La Virgen en Belén con voz de mirlo  
canta nanas de amor al Dios Infante;  
su tono es delicado y suavizante  
para poder con prontitud dormirlo.

Ha logrado en seguida conseguirlo,  
y el Niño duerme ya sueño importante.  
San José, con palabra rozagante,



no ha podido por menos que decirlo.  
Decir ¡Viva la voz más deliciosa,  
la voz más delicada y primorosa,  
que jamás en el mundo se haya oído!

Y la Virgen, serena, dulcemente,  
reprende a San José, que de repente  
se queda muy formal y enmudecido.



sanal para le...  
ousas da vida,  
universais, cheo de a...  
dos dos nosos devance...  
n habilidade, inxenio e  
a...  
arredor é tamén un  
ropicio para que a  
da á ledicia arte.  
riva medre e  
mas  
mas  
sua, a  
parpadexa...  
ata o antencer du...  
no que se aviva a ch...  
vida e do traballo corián...  
Nunha xuntanza do gra...  
os protagonistas do gra...  
ro pleno: Os Re...  
arón do Neno Deus,  
ria e S. Xosé, e  
nde viaxe...  
ñas un...  
arm

# PRENSA

## **XLII CERTAME DE XORNALISMO «BEGONTE E O NADAL»**

---

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte (Lugo), entidade promotora do Belén Electrónico, co patrocinio da Xunta de Galicia e co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o XLII CERTAME XORNALÍSTICO «BEGONTE E O NADAL», de acordo coas seguintes bases:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal, revista ou en internet, en lingua galega ou castelá, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.

B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos, dotados con:

- PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.- 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
- SEGUNDO PREMIO.- 300 euros e estatuíña de Sargadelos.

C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do seis de xaneiro de 2018, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constar os datos persoais do autor. No caso de traballos en internet, texto impreso e indicación da páxina onde está publicado.

Begonte (Lugo), Nadal de 2017.

# **BASES**

## FALLO DO XURADO DO XLII CERTAME XORNALÍSTICO «BEGONTE E O NADAL»



# FALLO DO XURADO

*O Xurado cualificador dos traballos presentados ó XLII CERTAME XORNALÍSTICO «BEGONTE E O NADAL», formado por JOSÉ ULLA ROCHA, alcalde de Begonte; JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN, presidente do Centro cultural convocante; BLANCA PACÍN SOMOZA, bibliotecaria; XULIO XIZ RAMIL, xornalista e JOSÉ RODRÍGUEZ GÓMEZ, secretario do Centro cultural José Domínguez Guizán, acordou conceder os seguintes premios:*

- *PREMIO XORNALISMO, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos, para o traballo titulado «VOLVER A NACER. LA SOMBRA DEL FACEDOR», publicado en Galicia Digital por Pablo Núñez González.*
- *SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos, ao traballo titulado «BEGONTE, O NOSO GRECCIO», publicado en El Progreso, por María Pilar Campo Domínguez - Marica Campo.*

*Pola calidade dos traballos, acórdase conceder cadansúa Mención de Honra, dotada con estatuíña de Sargadelos aos traballos:*

- *«CONTO DE NADAL: A DERRADEIRA VIAXE», publicado en Galicia Digital por Xosé Román Escourido Basanta,*

- «*EL BELÉN DE GRECCIO. LA TRADICIÓN DEL NACIMIENTO*», publicado en *Galicia Digital* por Begontina, seudónimo de Beatriz Valcárcel Gómez, e
- «*A LECCIÓN DO BELÉN DE BEGONTE*», publicado en *Galicia Digital* por JOSÉ REINALDO POL - Pepe Pol.

*O SECRETARIO DO XURADO*



*José Rodríguez Gómez*



## PABLO NÚÑEZ GONZÁLEZ

É escritor e funcionario da Xunta de Galicia desde o ano 2002.

Apaixoado polas grandes civilizacións, en especial pola romana e a celta, raíces da súa Galicia natal.

Coa súa primeira novela, *Las hijas del César*, foi finalista do Premio Planeta de Novela 2006 (55.<sup>a</sup> Edición), da que ata hoxe en día se teñen publicado cinco edicións, máis unha en galego.

En 2010 ve a luz a súa segunda obra *Ladrones de historia* con dúas edicións. En 2017 publicou *Juego de reinas*.

Colaborador habitual en medios de comunicación galegos, actualmente La Voz de Galicia e Cadena Ser. Ten participado en numerosas publicacións e obras colectivas, entre elas: *Mato sono Io* (Fundación Manuel María 2009), *El Juli, natural(mente)* (Imagineediciones 2010) de Cristina Padín Barca, *Se lo dije a la noche, Poemario traducido a todas las lenguas ibéricas* (Ediciones Beta 2011) coordinado por Juan Carlos García Hoyuelos.

En 2010 gaña o Premio Begonte de Xornalismo co seu artigo «Begonte, belén infinito» publicado en El Progreso e Galicia Dixital. En 2011, accésit no Premio de Poesía Concello de Paradela co seu poema «Sagrado é», en 2012, 2.<sup>o</sup> Premio no XXXVII Certame de Poesía sobre o Nadal coa obra «Natureza galega, berce chairego», nas súas primeiras incursións como poeta. En 2017 acadou o segundo premio de Xornalismo.

# VOLVER A NACER. LA SOMBRA DEL FACEDOR

Los niños romanos soñaban con las calendas de enero. Sabían que con el amanecer del nuevo año, sus madrinas o padrinos se acercarían a la domus familiar para saciar las ilusiones infantiles. Trafan consigo bonitas cajas, que además de los tesoros ansiados para sus juegos, escondían algo fascinante y dulce, algo reservado en exclusiva para ellos. Sólo los más pequeños podían degustar el pan de marzo, el mazapán, dos meses antes que los adultos. Y por supuesto, elaborado con la silueta de la serpiente que se desliza entre las más sabrosas y coloridas frutas confitadas.

Los niños y niñas lucenses también saboreamos dulces tras las doce campanadas, o incluso con el nacimiento del hijo del carpintero. Pero nuestros sueños comienzan mucho antes. Más impacientes, o quizá más sabios que los infantes de Roma, sabemos que la ilusión se forja con los primeros rigores de la estación veraniega, y justo en el corazón de esta provincia del Imperio. Es entonces, cuando las trompetas de las legiones y las caetras castrexas invaden el Bosque Sagrado de Augusto, para celebrar el solsticio de verano. Un nuevo Arde Lucus, que ya quisieran para sí los césares y la ciudad de las siete colinas. Es entonces, con el estío y el sol enrojecido y ardiente, cuando los facedores begontinos se preparan para la siembra. La mayor cosecha del año, la más especial e importante de todas, pues siembran ilusión y su semilla jamás falla. Se renueva. Cuarenta y seis ediciones con la simiente de la esperanza, cuarenta y seis cosechas volviendo a nacer.



Tan largo fue el verano, que sus fauces devoraron al mismísimo otoño. Tan alargada fue su sombra, que muchos temían que no llegase esta Navidad. Pero hablamos de esperanza e ilusión, y nada puede frenar la inquebrantable entrega de un verdadero guardián de la catedral chairrega. Pues la chaira tiene sus pueblos, sus ríos, las aldeas y la capital, pero su catedral se eleva, orgullosa, sobre la cúpula estrellada que cobija a María y a su recién nacido.

Nuestra aldea lloró. Fueron largas y tristes las noches, el zoqueiro y las incansables tejedoras miraban hacia las montañas. Donde hoy hay nieve, antes hubo llamas, miedo y desolación. Donde hoy asoma la estrella de Oriente, antes hubo lenguas de fuego, cuyas cortinas abrasadoras se veían desde distancias inmensas. Y en nuestra aldea resbalaron las lágrimas. La panadera, los afiladores, la hilandera... Todos con los ojos arrasados, con el espejo incendiado en sus rostros curtidos. El pastor paseaba pensativo con sus ovejas, sin conseguir olvidar a sus camaradas de Cervantes y O Courel. Quizá no encontrasen pastos en los meses siguientes, quizá habían perdido a sus reses. El leñador y los aserradores hablaban a la sombra de los robles, tantos árboles calcinados allá arriba... Menos madera para que los maestros ebanistas fabriquen muebles y enseres, menos vigas para reparar tejados, menos leña para calentar los pucheros y los hogares de la gente humilde. Su gente.

Se avecinaba un duro invierno, si es que alguna vez llegaba el invierno. El cielo se olvidó de

Galicia, y sólo llovían las pavesas que el viento arrastraba desde las altas cumbres. El alfarero se encontró con barro y negra ceniza a partes iguales, y el herrero, por primera vez desde que era un mozalbete aprendiz, decidió no avivar la fragua y dar descanso a yunque y martillo. Le dolía mirar al fuego de frente, y allí se sentó durante días, en silencio sobre la banqueta de castaño labrado, su señal de respeto hacia los montañeses. Los pozos se iban secando y los ríos bajaban con un caudal que no recordaban los más ancianos de la aldea. Los pescadores dieron descanso a las cañas, temiendo por las truchas y las anguilas, y el barquero no tuvo más remedio que fondear su viejo batuxo sobre la tierra seca y agrietada de la ribera.

Desde su atalaya, y protegido por los centuriones de Pilatos, Herodes se frotaba las manos. Más de dos milenios después, está a punto de completar el indecente trabajo que inició en Judea. Ahora en otro continente. Esta vez asistiendo como espectador y no como actor principal, viendo como el espíritu del niño rey se desmorona como un castillo de arena sobre la fértil tierra de Begonte. El espíritu se quiebra, los súbditos del pequeño monarca se hunden cual dornas a la deriva. La tormenta rasga sus velas y empuja a los habitantes de la aldea hacia el acantilado salvaje y afilado, su sentimiento de pesar es demasiado profundo esta vez. Demasiado tenaz.

Pero, ebrio y al tiempo ciego por su ego, no cuenta Herodes el Grande que existe algo todavía más grande que él mismo: La fortaleza de

los gallegos y la voluntad de hierro de las gallegas. Idénticos ingredientes añaden los facedores a su primer plato. Serán fuertes para iniciar el camino a pesar del desánimo y las dificultades, y tendrán la firme voluntad de continuar el trabajo de los pioneros, de sus maestros y padres. Echándolos de menos, como el buen hijo echa de menos al autor de sus días, pero superando su pérdida para ser fiel a su herencia. Una herencia que lo supera todo, hasta las ausencias.

Y así lo hicieron, así lo hacen. Con trabajo y pasión, con la habilidad en las manos y el latido del corazón. Avanzando paso a paso por el camino mil veces recorrido, pero descubriendo nuevos senderos. Antaño fue un carro que can-

ta, esta vez recuperando las mallas que harán feliz al panadero y nos fascinarán a todos. Tal vez en un futuro será el arte del matachín, o un par de criadoras mimando al capón, para deleite y sonrisa del añorado Romualdito.

Al igual que a los niños romanos, no nos faltan regalos. Algunos en las alforjas de los tres magos, que bajan por las laderas y abren las puertas de las murallas. Quizá parte de las bonitas cajas prefirieron a los renos del Norte antes que a los camellos reales, pero el verdadero tesoro, el que llena de magia al mundo, fue sembrado meses atrás. Y ahora toca recoger la cosecha. Busquemos cestos de mimbre, es tiempo de volver a nacer.



## MARÍA PILAR CAMPO DOMÍNGUEZ - MARICA CAMPO

Lucense do Val do Mao (O Incio), foi profesora de Galego no Instituto de Ensino secundario de Guitiriz, na actualidade xubilada.

É autora dunha inxente obra en galego, destacado en teatro as obras *Os premexentes non poden cos paxaros rebezos* ou *Confusión de María Balteira*; en poesía, *Tras as portas do rostro* ou *Pedinche luz prestada*, e en narrativa, *Confusión e morte de María Balteira* ou *Memoria para Xoana*. Ten obtido premios nos certames Fiz Vergara Vilariño ou do Concello de Vilalba, e en Begonte tanto os premios de Xornalismo (1996) como o de Poesía en 1981, 1983, 1991 e 1994.

É autora do musical operístico «A casa», e os seus poemas foron a base de cancións de importantes grupos musicais galegos, especialmente Fuxan os Ventos e A Quenlla.

Eruditos hermeneutas e historiadores explican que o nacemento de Xesús non se produciu un 25 de decembro. Un dos seus argumentos é que o edicto de empadroamento de Augusto, o que provocou a viaxe de María grávida e á beira do parto, tivo lugar en verán. Doutra banda, os evanxeos nada din da tal data. Sábese que a celebración veu cristianizar o rito pagán do culto ao Sol no solsticio de inverno.

Fora como fora, o importante é o que se nos conta da chegada do Neno-Deus. É ben ilustrativo recordar a escenografía que, en poucas pinceladas, pinta o evanxalista San Lucas. «(...) e deu a luz ao seu fillo primoxénito, envolveuno en cueiros e deitouno nun presebe porque non había sitio para eles na pousada» (Lc 2, 4-7). «A nova anuncióuselles aos pegureiros que, por quendas, vixiaban os rabaños» (Lc 2, 8-14). San Mateo (2, 7-12) fálanos da adoración dos magos de Oriente e, alén diso, os documentos canónicos non dan máis pormenores.

Os pormenores foinos engadindo a tradición e mais a inventiva das persoas que, no ronsel de San Francisco de Asís, quixeron e queren recrear aquel espazo de esperanza. Segundo contan, todo comezou en Greccio, entre Asís e Roma, un Nadal de 1223. O Santo celebrou a misa a noite de Nadal no interior dunha gruta á que levaron unha mula e un boi. Así, o percorrido que ten o seu quilómetro cero en Belén, pasa pola pequena localidade italiana e ramifícase polo ancho mundo como unha frondosa árbore na que a póla de Begonte medra a cadora máis vizosa.

# BEGONTE, O NOSO GRECCIO

Un presebe ou nacemento é, quizais, un dos poucos lugares que non poden contaminar o consumismo e o desamor. O Neno pobre entre os pobres, rexeitados os seus, María e Xosé, até o punto de ter que buscar acubillo nunha corte de animais, segue a nacer cada día en cada persoa marxitada coa que nos cruzamos, a miúdo sen vela. Ler un Belén é descifrar esa mensaxe e procurar a harmonía e a paz do mundo que representa. Un mundo en que cadaquén ocupa o seu lugar e exerce o seu oficio en ben de todos. Unha montaxe realizada por mans sinxelas, as dos que acreditan aínda no valor dos símbolos.

Para construír un Belén abonda coa letra b de bondade, de bendición, de beleza, de benevolencia, de bico, de brancura, de bebé entre as pallas. B de Begonte, por exemplo.

Quen, canso deste mundo desigual e inhumano, non desexou, ao visitalo, un oco no nacemento da vila luguesa? Alí cabemos todos e todas, crentes ou non, porque non hai ninguén que, dun ou doutro xeito, non saiba o que é ser rexeitado, excluído da pousada.

Seica o significado en hebreo da palabra Belén é Casa de Pan. Oxalá fagamos da terra esa casa de pan sen excluídos.





## XOSÉ ROMÁN ESCORIDO BASANTA

Crego de San Román de Covas e outras parroquias da bisbarra, é arcepreste de Viveiro e Delegado diocesán de Santuarios, Peregrinacións e Turismo.

En 1995 foi nomeado Socio de Honra da Asociación de Veciños de Bravos. No 2004 foi Pregoeiro do Nadal en Viveiro. Ten publicados varios artigos na revista Pregón da Semana Santa de Viveiro.

Con 18 anos obtivo o segundo premio de Poesía das Festas Minervais do Colexio Landro de Viveiro, e logo (1970) o Mexillón de Prata en Vilagarcía de Arousa.

En 2004 acadou mención de honra no Certame do Belén de Begonte, en 2005 o segundo premio, e en 2009 e 2017 cadansúa mención de honra .

# CONTO DE NADAL: A DERRADEIRA VIAXE

Manuel moraba no lugar da aldea que os seus pais lle deixaran como herdanza. Alí naceu e alí foi criado. Toda a súa vida estivo sempre chea de penurias, mais nunca faltou a boa convivencia coa veciñanza.

Tan só a asistencia a algún enterro, a visita ao médico, ou contadas xestións como ir a buscar a paga ao banco conseguían ausentalo da aldea. Todo foi traballar na súa vida.

Malia iso, a parroquia ía esmorecendo: os veciños marchaban a pobos cercanos ou ben marchaban á capital, a pequena taberna xa botara o peche como xa fixeran moitas das casas.

Manuel resistiu todo o posible. Comezaba o día erguéndose ao mencer e a súa andaina era a conversa cos animais e tamén atravesar o lugar recorrendo as leiras coa liberdade propia dun paxaro.

De cando en cando, Manuel recibía a visita dos fillos. Un día, cando as forzas foron a menos, Manuel caeu no chan. Aquel era un día no que o outono asomaba e se facía presente cunha das súas típicas sinais como era a caída da folla das árbores. Ese día puido sentir como as pernas fallaban, o andar era dificultoso, e de vez en cando a memoria fallaba á hora de tomar as menciñas. Era moita a soidade que sentía e matinaba: –Que fago eu só nesta casa?, preciso de coidados–.

Logo de moito batallar no seu interior, tomou a decisión de ingresar na residencia de anciáns. Os primeiros días fixeronse duros, totalmente «costa arriba», mais non daba queixas, dicía



ás coidadoras que todo estaba ben: as comidas, a habitación, o tempo de lecer, o trato en xeral que dispensaba o persoal. Pese a isto, faltáballe a Manuel poder respirar o aire fresco da mañá, sentir o frío da xeada, oír o canto do galo mardrugador, o poder contemplar día a día como ían medrando os repolos na horta e no verán as xudías, a conversa coas vacas e demais animais.

Cando era preguntado polo trato que recibía, el, con ollos saltóns e coa inocencia propia da mirada dun neno, dicía: –Eiquí trátanme ben, as «hermanas» son moi boas e os empregados tamén–.

Pasaron os días e chegou o inverno, e con el Santa Lucía, xa pertiño do Nadal. No día da Inmaculada Concepción, Manuel recibíu a visita dos seus fillos e netos, ese día puideron conversar con el e falarlle da posibilidade de que o sábado próximo o levarían a Begonte a visitar o Belén, onde as figuriñas tiñan vida por medio de mecanismos electrónicos. El aceptou e comentou todo isto cos compañeiros da residencia. Preguntoulles: –Onde está Begonte?–, ó cal lle responderon: –Na Terra Chá, perto de Vilalba–.

Xa chegado o día da viaxe ao lugar onde endexamais pensara chegar, logo de recorrer concellos, aldeas e barrios, Manuel puido ver o río Parga e tamén o Ladra. Todos aqueles nomes eran novos, máis a lembranza da súa aldea e da súa casa facíase presente en todo momento.

Unha vez puideron entrar no Centro cultural D. José Domínguez, preguntouse o porque de

que aquel lugar levase ese nome, e puido saber que D. José Domínguez fora o sacerdote que, xunto con outras persoas, fixo posible a maravilla que ían contemplar.

Manuel quedou abraiado do acontecemento que estaba a presentarse. Non perdía detalle. Lembraba todo o que el vivira na súa aldea, recordaba os traballos tradicionais e artesanais e os seus ollos ían enchéndose de bágoas. Contemplaba ao tempo que movía a cabeza entusiasmado.

Xa rematada a sesión dixo a toda aquela xente que o acompañaba: –¡Graciñas, vaia regalo me fixéchedes hoxe os meus fillos e netos!–.

Á volta da viaxe, exclamaba novamente: –Hoxe vivín novamente lembranzas da miña vida, da que sinto morriña, da miña historia. Os oficios estaban representados de cheo: as lavadeiras tendendo a roupa nos tendais, unha delas conversando con outra muller que acougaba a roupa na tina, e máis adiante unha nai cantando unha nana ao neno para que durma. Canta madeira teño cortado! Fixeime tamén nos paisanos que estaban a realizar esa dura tarefa. E o muíño! Cantos sacos de trigo e fariña carrexei sobor do meu lombo! Os oleiros argallaban nas olas para facer o caldo que soiamos mercar nas feiras. Tamén as mantas de lá que as mulleres tecían ó longo de moitas noites. Todo isto porque naceu Deus. Canto lembro as misas do galo, as panxoliñas «...vínde ver ao neno...» que nas noites xeadas íamos ensaiar á igrexa.

Manuel estaba encantado. Cheo de felicidade. Cando chegou á residencia, relatou aos compañeiros a fermosa vivencia de visitar un Belén de verdade con lóstregos, neve, fume nas casas, ríos de auga transparente, incluso un monte queimado que ardeu como a cotío acontece na nosa terra e que rematou grazas ó fresquíu da nevarada.

A residencia transformouse toda ela en Nadal: misterios, pesebre, beléns fermosísimos, a música e as panxoliñas que non se detía en todo o día.

Cando só faltaban tres días para o Nadal, a saúde de Manuel recaeu novamente. O médico comunicou á «hermana» que o coidaba que a saúde era moi mala, xa para morrer. Manuel chamouna e díxolle: -Mire, quero falarlle do Belén de Begonte, e pídlle que abra a xanela da habitación. Pode dicirme se o ceo está estrechado?-. A relixiosa respondeulle cun si rotundo.

Continuou relatando: -Estou a lembrar a felicidade que compartían as xentes do pobo do Belén de Begonte, aquelas figuriñas de homes

e mulleres reflectían a ledicia nas súas caras, e moita paz. Había entre eles un auténtico e profundo sentimento de convivencia e entendemento. Ata os animais saltaban cheos de gozo! Mire, «hermana», xa vexo os reises magos que veñen cargados de regalos que son para min. Sinto a Luz do Neno Xesús do Belén e a súa Nai mirándome e desexando darme unha aperta. San Xosé está a sinalarme coa man para que non teña medo de entrar no portal do ceo. Herodes desapareceu do Belén porque non soporta que venza a Luz do Neno sobre as tebras-.

Cando Manuel estaba a falar, púidose escoitar a campaniña da comunidade que chamaba a asistir á Misa do Nadal. No momento do comezo da celebración litúrxica, Manuel díxolle á «hermana»: -Xa estou chegando ao belén do ceo, estou a mirar aqueles que fixeron posible o Belén de Begonte. Graciñas pola viaxe a este lugar de luz na Terra Chá e gracias por esta derradeira viaxe á eternidade-.

Manuel marchou desta terra sabendo que para el xa era Nadal para estar sempre con Deus.



## BEATRIZ VALCÁRCCEL GÓMEZ

Nacida en Lugo, en 1973, é licenciada en Filoloxía Inglesa e graduada en Relacións Laborais pola Universidad de Santiago de Compostela.

Nos seus inicios laborais, dedícase á docencia no ámbito da prevención de riscos laborais, e forma parte do observatorio de prevención da Asociación de Constructores de Lugo, pero é na función pública onde desenvolve a súa principal actividade laboral de maneira vocacional á fronte do Departamento de Turismo como técnico superior.

A súa participación no Certame Literario do Belén de Begonte, no apartado de xornalismo, ten a clara intención de homenaxear ao que considera o seu segundo pai, o seu tío Varela (Joselín), creador e alma mater do Belén de Begonte.

*A Lola, mi amiga, mi hermana*

Cuenta la leyenda que Francisco de Asís, ansioso de que los fieles pudiesen admirar e incluso tocar con sus manos el acontecimiento del Hijo de Dios, preparó un pesebre al que llevó heno e hizo llegar un buey y un asno que acompañarían posteriormente al misterio formado por José, María y el recién alumbrado Mesías.

Llega la noche santa y Francisco, junto con los frailes y algunos fieles alzados al pie del pesebre y tras esbozar unas dulces palabras ven como surge la imagen del Niño sobre el heno. Este hecho impresionó y cautivó las almas y los corazones de los allí presentes, que se sintieron profundamente emocionados al poder compartir esta experiencia.

Como acercamiento y proclamación a la solemnidad navideña, cada año en la tarde del día de Nochebuena, en la Gruta de la Natividad los frailes franciscanos rememoran este pasaje del Belén de Greccio, que tuvo como protagonista al Padre Francisco de Asís y que significó el inicio de la actual tradición del Nacimiento cuyo origen real se remonta siglos atrás y se halla en Belén.

Transcurrido todo este tiempo, esta entrañable tradición se ha mantenido viva gracias a la unión: la unión de la religión y sus abnegados fieles, la unión de los pueblos y naciones y aquellos quienes los forman y como no, la unión de las familias, núcleos imperturbables desde la creación del mundo.

# EL BELÉN DE GRECCIO. LA TRADICIÓN DEL NACIMIENTO

En Begonte esta unidad manifiesta podría perfectamente ser evocada de forma metafórica a través de una cadena cuyos eslabones se gestan con la iniciativa de un padre, tal y como sucedió en Greccio, un párroco único y de genial visión. A este se unieron las manos de un orfebre y completando la gran cadena docenas de corazones de un pueblo unido espiritual y fraternalmente por ese sentimiento de herencia, testimonio y espiritualidad.

Y como si de una gran orquesta se tratase año tras año afinan su melodía bajo la batuta de un magistral director que, desinteresadamente y entregado, es la figura mas visible, la que organiza y pone de manifiesto este bondadoso pesebre.

Todos juntos han llevado ese primigenio y humilde Misterio de Belén a crecer y formar parte de la cultura, la etnografía y un movimiento intelectual que traspasa ampliamente las fronteras de su lugar de origen y del que todos debemos sentirnos profundamente orgullosos.

Es por esto que jamás debemos perder este testimonio, rescatando las viejas figuras de

barro desvaídas por el paso del tiempo que colocaban nuestros abuelos cuando éramos niños, ofreciendo un lugar privilegiado al conjunto de imágenes de papel y cartón que nuestros hijos recortan ilusionados en el colegio y que representan sus sueños y los que un día fueron los nuestros, saliendo al campo a recoger musgo y pequeñas piedras que flanquearán un río de papel de plata o con la sencillez de colocar un diminuto Misterio como aquel improvisado en Belén y donde María y José acurrucaron a su Hijo.

Este gesto hará perdurar generación tras generación aquella recuperada por el Padre Francisco y engrandecerá esa solemnidad con la que los Padres Franciscanos rescatan la tarde de Nochebuena el testimonio transmitido a través del Belén de Greccio, que se reproduce igualmente evocando el acervo legado por sus progenitores en la Navidad de Begonte año tras año en recuerdo de esa cadena humana que con su aliento y sus manos hacen perdurable en el tiempo la magnánima tradición del alumbramiento del Hijo de Dios.





## JOSÉ REINALDO POL GARCÍA (PEPE POL)

Profesor e escritor, ten publicados varios libros de poesía e prosa, e organiza anualmente os Encontros Poéticos na Vila de Quiroga.

Colabora asiduamente en diversos medios e ten conseguido numerosos premios, tanto de xornalismo como cos seus alumnos polos traballos realizados nas súas clases.

Aínda non sendo galego de nacemento, é un entusiasta da cultura galega, e tódalas súas actividades xiran arredor de Galicia, constituíndo un referente de impulsión cultural no sur da provincia de Lugo.

# A LECCIÓN DO BELÉN DE BEGONTE

Había unha vez un neno que non tiña afeción ao estudo e tampouco quería colaborar nas tarefas agropecuarias e domésticas do fogar.

Este rapaz vivía, xunto cos seus pais e un dos avós, pois os outros xa morreran, nunha aldea pequerrecha da montaña luguesa. Os proxenitores estaban moi preocupados porque pasaban os anos e o mozo medraba físicamente pero non estudaba nin se preparaba no dominio dalgún traballo ou oficio.

Un día o avó díxolle á súa filla:

–Neste Nadal imos acadar que Manoliño, este era o nome do rapaz, sexa, para sempre, un home feito e dereito.

A filla quedou abraiada pois pensaba que iso era totalmente imposible de conseguir.

–Sí –dixo o vello–, vou levalo ao Museo dos Oficios Galegos. Ali, ten dous camiños, ou se decide por un deses traballos ou remata sendo freire ou crego.

A muller respondeu:

–Ai, meu pai, onde está ese museo? Qué é, un Seminario?

O pai respondeu con retranca:

–Parece mentira que non saibas de que falo! Ti sabes, e moi ben, onde é Begonte. Pois ali, cando naciches, aínda nin andabas, fuches coa túa difunta nai e comigo para que nese Nadal recibirás o segundo bautismo, a bendición do ceo e da terra. Bautizo no amor pola tradición e os valores pola nosa amada terra galega e as súas xentes; por iso, sabes Carmiña, eres unha muller de verdade.



A filla quedou calada e proseguíu cos seus menesteres.

Pasados uns meses, cando xa as brétemas, ese misterioso e abraiante manto, avisaba de que Decembro xa chegaba e con el o Nadal; cando o avó se decatou de que xa inauguraran o Belén de Begonte invitou ao seu neto a ir con el visítalo no segundo domingo de Advento.

O rapaz dixo que quería ir cos seus amigos de troula o sábado pola noite, pero que o primeiro era o primeiro.

Verdadeiramente que estaba no certo, pois pola mañá non había quen de sacalo da cama. Xa case era mediodía cando se ergueu. O avó re-priminou a súa actitude, pero o mozo recordou que para el o primeiro, era o primeiro, disfrutar da noite.

Por fin, despois de xantar marcharon cara o belén. Cando estaban ás portas do Centro Cultural dixo o avó:

-Eiquí empezará a túa nova vida.

O rapaz encolleu os seus ombreiros, botou un sorriso e non comentou nada.

Cando entraron , en voz queda e agarimosa, comentou:

-Mira con atención. Todos están facendo algunha laboura (zoqueando, pescando, lavando...). Este é o noso pequerrecho mundo. Está é a nosa Galicia en miniatura: pastores, aserradores, zoqueiros... Escolta, no belén da vida todos temos unha humilde misión, un traballo ou traballos que facemos para ofrecelo ao Neno e aos nosos ancestros e, para que sirva de pegada

imborrable para os outros, os nosos descendentes; por iso cada un ten que facer a ofrenda do seu . Eu, por exemplo, que toda a miña vida fun labrego, a primeira vez que estiven eiqui trouxen un sacho, logo á túa nai, agora te traigo a ti e... ti, que traes?

O rapaz non soubo que responder, pero o avó rematou:

-Ti traes as mans baleiras, como todos os preguiceiros e esmorgantes, pero eiquí, precisamente quen nada trae sairá con elas tamén cheas.

O rapaz, ante as verbas do avó, non puido reprimir unhas bágoas dos seus ollos. O ancián, decatándose do efecto da súa conversa, calou. Pasado un intre saíron da man e tomaron camiño da súa aldea. Ao cabo dun rato o raparigo dixo:

-Avó, e que levamos? Dicías que tamén levaríamos algo.

O vello enfadado contestou:

-Infeliz, sempre pensando no material e tanxible! Paréceche pouco o que levamos, a grandiosa ledicia e satisfacción deter os nosos ollos e o noso corazón cheos coa grandiosa e exemplar estampa do Belén de Begonte e sobre todo enchidos de esperanzas?

Nada comentou o neno xa durante a viaxe de regreso.

Á mañá, cando se ergueu, o avó preguntou a súa filla polo mozalbete, e esta dixo:

-Marchou cedo e soamente comentou que xa, neste Nadal deixou de ser preguiceira carricanta, que ía irse xunto de Xoán, o carpinteiro, para ver se podía ser o seu aprendiz.

O vello deixou escapar un suspiro moi fondo, e con el unha nova brisa percorría aquela casa porque estaba moi ledo, pois a ventá da vida do seu neto xa estaba aberta ao mundo. Logo exclamou:

-Xa podo morrer tranquilo!! Gracias ao Belén de Begonte!

Pasados os anos, aquel rapaz era un home adulto e no seu pobo traballaba como un ebanista afamado.

Na porta do seu obradoiro tiña nunha táboa a seguinte lenda:

«Seguindo os consellos dos avós e o exemplo do Belén de Begonte faremos un mundo mellor».

Ninguén preguntaba pola interpretación desa mensaxe, pero unha tarde de Noite Boa un cativo, que aínda nin siquera sabía ler, preguntou que había escrito naquela madeira. Pensaba que sería o nome do local.

O artesán respondeu:

-É unha permanente felicitación e agradecemento. A resposta poderás atopala sempre nas verbas do teu avó e na visita ao lugar onde recibirás a lección da vida, no belén de Begonte.

El é unha moi especial escola para aqueles que queren aprender as ensinanzas da terra ollando cara o ceo.

«Orare el laborare» eiquí neste belén, no Nadal, é unha grandiosa realidade».





CENTRO CULTURAL "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN"  
BEGONTE (LUGO) – DEC. 2018-XANEIRO 2019



Concello de Begonte

//ABANCA

galicia  
o bo camiño



XUNTA  
DE GALICIA